


1

Comprendo un correo electrónico

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Nome _____ Data _____



1 Completa coas diferentes partes do correo electrónico.

- Saúdo

- Corpo do texto coa mensaxe (escribe o principio e o final)

- Despedida

- Sinatura

2 Responde estas preguntas.

- Quen escribe o correo electrónico? _____
- Quen o vai recibir? _____
- Onde vive agora Clara? _____
- Por que tivo que marchar? _____

3 Sinala en que vacacións volverá Clara a Boiro.

- Polas vacacións de Nadal.
- Polas vacacións de Semana Santa.
- Polas vacacións do verán.



4 Que relación hai entre Clara e Ester? Responde.

5 Imaxina un motivo para escribir un correo electrónico a alguén ou escolle un destes.

- Despedirte de alguén.
- Preguntar unha dúbida dos deberes.
- Facer as paces con alguén.
- Falar cun amigo que tes lonxe.

6 Agora escribe a túa mensaxe de correo electrónico. Lembra as partes que ten.

Para: _____

Tema: _____

De: _____



RICARDO CARBALLO CALERO, LETRAS PARA CONTAR UN PAÍS

Na televisión, na radio, na rúa, na escola... este 2020 imos escoitar falar moito de Ricardo Carballo Calero, autor ao que a Real Academia Galega dedica o Día das Letras Galegas. Pescudaremos que hai detrás deste nome. Prepárate para unha viaxe ao pasado que nos ha axudar a comprender o noso presente. Comprobaches que tes ben apertado o cinto? Tres, dous, un... Aló imos!

Ricardo Carballo Calero naceu o 30 de outubro de 1910 na cidade de Ferrol. O seu pai, Gabriel Ricardo Carballo, era un pequeno empresario local. A súa nai, María Dolores Calero, atendía a casa e encargábase do coidado dos seis fillos do matrimonio. Xa dende os primeiros anos da infancia se podía intuír que o futuro daquela neno ía estar ligado ás letras. A curiosidade por descifralas comezou moi cedo cando no cine, sentado no colo do pai, decotío preguntaba polas letras que aparecían na pantalla: "Que di, papá?".

Eu aprendín a ler precozmente nas páxinas de El Correo Gallego, de xeito que cando acudín por primeira vez á escola, sabía ler perfectamente.

Ademais de xornais, na casa tamén había algo que non era habitual naquel tempo: libros na nosa lingua.

Desde que sei ler, tiven noticia da existencia da literatura galega. Rosalía, Curros Enríquez foron escritores dos que eu oía falar constantemente no meu arredor, dos que na miña casa ou na casa dos meus parentes ou de coñecidos había libros que tiven ocasión de ler.

Conversas con Carballo Calero (1989)





Podía parecer que o primoxénito da familia tiña todo para gozar dunha infancia feliz: paseos e xogos polas rúas do centro, uns pais cos que acudía ao cine e ao teatro... Mais a vida ensinoulle axiña a cara máis triste: morréronlle dous irmáns pequenos e, cando só tiña oito anos, a súa nai. O seu pai volveu casar cunha tía á que o neno Ricardo lle tiña grande aprecio, pero a morte privouno pouco despois outra vez da figura materna. Todo isto converteuno nun neno solitario. Moitos anos despois escribiría isto en "O Lar de Clara", un relato de ton autobiográfico:

Non tiña moitos amigos, e pasábame gran parte da tarde dos domingos no faiado da casa, acoitelando cun bastón un sofá vello.

Os libros servíronlle de refuxio. Despois dos primeiros estudos na escola do barrio, continuou a súa andaina académica no colexio que dirixía Manuel Comellas Coimbra, un escritor moi ligado aos movementos en prol da nosa cultura. Con el, Carballo Calero preparou por libre os estudos de bacharelato e adquiriu un importante coñecemento de gramática latina.

ACTIVIDADE:

Sabías que moitas das palabras que empregamos no noso día a día proceden do latín? Cal destes personaxes cres que trouxo este idioma ata Galicia?



Ferrol ten unha gran tradición mariña. Na aldea onde pasaba os veráns subía ao curuto máis alto para ver o mar, os barcos, os estaleiros... e soñaba con ser un distinguido mariño que navegaba por todos os mares do mundo.

*Na casa tiñamos pombas
e, por suposto, un grande gato mouro;
e o meu pai era novo aínda
e no mar do mundo cada día descubría eu unha illa.*

Futuro condicional (1982)



Carballo Calero escribe poemas e obras de teatro dende neno e esa paixón polas letras vai gañar o pulso á de ser mariño. En 1926, cando aínda lle faltaban unhas semanas para facer os dezaseis anos, chegou á Universidade de Santiago de Compostela. Era un estudante moi brillante que fixo dúas carreiras unha detrás da outra: a de Dereito e a de Filosofía e Letras, a súa verdadeira vocación.

Na capital de Galicia non todo o seu tempo estivo ocupado polos libros. Tamén tivo inquietudes e ansias de mellorar a sociedade. Por iso, formou parte de asociacións de estudantes que demandaban liberdades democráticas e que se opoñían á ditadura do xeneral Primo de Rivera.



Unha **ditadura** é unha forma de goberno na que unha persoa ou un pequeno grupo de persoas concentran todos os poderes e recortan os dereitos e liberdades do conxunto da sociedade.

O período universitario vai ser decisivo para a súa formación intelectual e para a súa preocupación pola lingua. En 1927 ingresa no Seminario de Estudos Galegos, unha prestixiosa institución creada catro anos antes para investigar e difundir o patrimonio cultural de Galicia. Alí mantén unha estreita relación con moitos dos principais intelectuais da época (Otero Pedrayo, Castelao, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas...) e escribe para as revistas máis destacadas do galeguismo.



Sendo apenas un adolescente, Ricardo Carballo Calero xa publicaba versos e críticas literarias en revistas e xornais da súa cidade. O seu primeiro libro de poemas chegaría en 1928 (*Trinitarias*). Logo desta estrea en castelán, en 1931 apareceu o xermolo das súas moitas obras en galego: o poemario *Vieiros*. Son tempos de buscar un futuro laboral e familiar. En 1933 aproba unhas oposicións para traballar no Concello de Ferrol e casa con María Ignacia Ramos, unha rapaza licenciada en Historia que coñecera en Santiago de Compostela.

O verán de 1936 marcará un antes e un despois na historia española, tamén na do noso protagonista. Parte do exército sublévase contra o goberno elixido democraticamente e desata unha guerra civil. Ricardo Carballo Calero, que se atopa en Madrid preparándose para se converter en profesor de instituto, mantense fiel ao bando republicano e alístase como miliciano. A súa muller, embarazada, está en Galicia, zona que queda baixo dominio franquista e coa que é moi complicado establecer comunicacións. Afortunadamente, as boas noticias tamén poder voar por riba dos fusís e das trincheiras.

Eu recibín un telegrama no que se daba conta do nacemento da miña filla, uns momentos antes de que quedasen cortadas as comunicacións; recordo o texto, dicía: "María moi ben, Magalí moi guapa".



Un **telegrama** é unha mensaxe transmitida por telégrafo, escrita en papel para ser entregada a unha persoa. Pero, sabes o que é un telégrafo? Pois é un aparello que transmite ou recibe sinais codificados, xeralmente en código Morse.

Non todas as mensaxes que chegan dende a terra natal son tan boas, moitas son dramáticas, como as do asasinato de compañeiros seus do Partido Galeguista. É o caso de Alexandre Bóveda, redactor do Estatuto de Autonomía de 1936, ou de Ánxel Casal, editor e alcalde de Santiago de Compostela. Outra nova que o marcará é a do fusilamento da persoa que cando era un rapaz o animou a escribir: o alcalde socialista de Ferrol, Xaime Quintanilla.

En 1939 o bando republicano perdeu a guerra, e Carballo Calero, coma milleiros de combatentes, entrou na cadea. Durante dous anos estivo recluso en Cádiz, nun antigo convento de monxas convertido en presidio. En 1941 regresa a Ferrol. Como el mesmo diría, a liberdade da que goza é "condicional", pero por fin coñece a súa filla Magalí.

Había que presentarse periodicamente ante as autoridades carcerarias e, por suposto, estabamos rodeados de restricións por todas as partes, e formabamos, os que tiñamos os antecedentes que eu tiña, unha casta de cidadáns de categoría inferior aos que nos estaban vedadas unha serie de posibilidades.



Vetado no ensino público polas autoridades, don Ricardo exerce como profesor en centros privados da cidade durante varios anos. En 1950 deixa Ferrol e trasládase coa familia a Lugo para traballar no colexio Fingoi. Aquel centro tiña aspectos moi innovadores, nada habituais na época, entre eles a educación mixta. É dicir, permitía que nenos e nenas compartisen aula.

Sabías que en 1945 se promulgou unha lei de ensino primario que estivo en vigor ata 1970 e que prescribía, "por razóns de orde moral e de eficacia pedagóxica", a separación por sexos nas aulas?



No medio dunha educación gris e pouco experimental, sen dúbida, aqueles mozos e mozas do Fingoi eran uns privilexiados. Fronte ao resto das escolas onde os castigos, incluso os físicos, eran habituais, alí as normas eran ben diferentes. Entre outras actividades, Carballo Calero impulsou un grupo de teatro escolar que representaba obras clásicas e modernas, e incluso dramas musicais xaponeses!

Pretendíase unha educación que prescindise, no posible, de todo o memorístico, e na que a coacción fose reducida ao mínimo posible.



En 1951 publica a que será a primeira novela en lingua galega da posguerra: *A xente da Barreira*, que conta o declive dunha familia fidalga. Un ano despois ve a luz a obra *Poemas pendurados de un cabelo*. Tamén chegan os recoñecementos: imparte conferencias sobre a nosa literatura e o 17 de maio de 1958 ingresa na Real Academia Galega, a proposta de Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Xesús Ferro Couselo.

En 1963, o mesmo ano en que a Real Academia Galega comeza a celebrar o Día das Letras Galegas, publica *Historia da literatura galega contemporánea*. Neste libro importantísimo rescata do esquecemento centos de escritores e escritoras que escribiron na nosa lingua entre 1808 e 1936. Para recompilar esta cantidade inxente de datos precisou nada menos que dez anos! Contou, iso si, coa axuda da familia. Así o explica a súa filla María Victoria:

Na súa mesa sempre tiña alguén en fronte que ía collendo e rexistrando as anotacións. E é que non había ordenador! As notas da Historia da literatura galega foron todas feitas con tiriñas de papel que íamos organizando. Entón, cando eu cansaba, viña a miña nai e poñíase ela.

Entrevista en Nós Diario (30/11/2019)



En 1965, cando por fin puido volver dar clases no ensino público, converteuse en profesor do instituto de Santiago de Compostela que levaba o nome da súa escritora favorita: Rosalía de Castro. Tamén daba clases na universidade e elaboraba materiais de grande interese como a *Gramática elemental do galego común*. Tanto esforzo tivo recompensa: en 1972 Ricardo Carballo Calero converteuse no primeiro catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega da historia. Abría así un camiño intransitado.

Os meus obxectivos fundamentalmente foron restaurar o interese polo noso idioma, e realicei este esforzo en condicións difíciles, porque apenas se dispoñía de bibliografía especificamente galega entón.

Coa fin da ditadura e a chegada da democracia, sopran mellores ventos para a lingua galega. Por primeira vez goza de recoñecemento legal e comeza a aparecer en espazos que antes eran impensables, como a administración, os medios de comunicación ou a escola. Todo está por facer, tamén determinar cal debe ser a forma de escribir o galego: a normativa. Hai dúas posicións diferentes: os que defenden que debe ter unha norma propia e os que opinan que é necesario achegarse á portuguesa. Don Ricardo foi a figura máis destacada desta última tendencia, coñecida como lusista ou reintegracionista, e de acordo con ela comezou a asinar como Carvalho Calero.

Retirado dunha das súas grandes paixóns, o ensino, os últimos anos da vida dedicounos a dar conferencias, publicar artigos e proseguir co seu traballo literario e ensaístico. En xaneiro de 1990 a cidade de Ferrol distinguíuno como fillo predilecto. Pouco despois, o 25 de marzo dese mesmo ano, faleceu en Santiago de Compostela.

Rematamos aquí a viaxe pola vida dun home indispensable para comprender a historia da nosa lingua e cultura no século XX. Tras de si queda un sobresaínte labor como docente, investigador e literato. El mesmo deixou escrita a razón de tanto esforzo:

A finalidade fundamental é petar na conciencia do noso país e poñerlle diante un espello que lle permita recoñecerse a si mesmo, contribuír a formar a conciencia de Galiza.



Podes aprender moito máis da vida e da obra de Ricardo Carballo Calero entrando en www.primaveradasletras.gal. Agardámoste!



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



Redacción de nuevo correo electrónico



Para:

Cc Bcc

Asunto:



Formatos ▾

B

I



p

Cancelar

✓ Enviar

3

O grupo nominal


LEMBRA

O **grupo nominal** é un conxunto de palabras que se agrupan arredor dun substantivo (palabras que fan referencia a persoas, animais e cousas), que é a palabra principal. Ademais del, adoitan formar parte do grupo nominal os artigos e os adxectivos.

1 Relaciona e escribe os grupos nominais que obteñas.


unha	caixas	azul	▶ _____
uns	gata	novos	▶ _____
as	bolígrafo	baleiras	▶ _____
o	guantes	branca	▶ _____

2 Escribe en cada caso un grupo nominal con artigo, substantivo e adxectivo.









3 Completa cada oración cun grupo nominal.


- _____ canta cada mañá.
- _____ gústame moito.
- _____ son moi simpáticos.
- _____ limpa os dentes co cepillo novo.



LEMBRA

O son B represéntase con v nos seguintes casos:

- Nas palabras en que vai detrás de n.
- Nas formas dos verbos que teñen o son B e que non levan nin b nin v no infinitivo (agás as terminacións **-aba, -abas...** dos verbos da 1.^a conjugación).
- Nas formas dos verbos rematados en **-ver** agás **absorber, beber, caber, deber, haber, lamber, saber e sorber**.
- Nas formas dos verbos **servir, vivir e vir**.
- En moitas outras palabras como **avó, avogado, gravata, vermello, verniz...**



1 Escribe a palabra con v que corresponde en cada caso.

- Seres vivos sen esqueleto interno. ▶ _____
- Que non se pode percibir coa vista. ▶ _____
- Edificio onde viven frades ou monxas. ▶ _____
- Pedirlle a alguén que acuda a un acto, unha festa, etc. ▶ _____
- Persoa que imaxina e fabrica cousas que antes non existían. ▶ _____

2 Fíxate nas palabras que escribiches na actividade anterior e explica que regra cumpren.

- O son B despois de _____ escíbese coa letra _____.

3 Completa cada palabra con **ver/ber** ou con **vir/bir**, segundo corresponda. Despois, escribe unha oración con cada verbo resultante.

- CA _____ ▶ _____
- FER _____ ▶ _____
- ESCRI _____ ▶ _____
- SER _____ ▶ _____
- REMO _____ ▶ _____